



Convocatoria da proba selectiva para o acceso a un contrato de interinidade como logopeda no servizo de atención temperá da Mancomunidad de Ordes.

ANUNCIO

A Presidencia aprobou a convocatoria das bases para a contratación (contrato de interinidade) dun logopeda do servizo de atención temperá da Mancomunidad de Ordes. As bases inclúense no seguinte Anexo.

Roberto Rey Martínez

ANEXO

Bases reguladoras das probas selectivas para a contratación dun/unha logopeda para o servizo de atención temperá na Mancomunidad de Ordes.

Primeira.-Obxecto.

O obxecto das presentes Bases é regular as probas para a selección dun/unha logopeda do servizo de atención temperá da Mancomunidad de Ordes.

Segunda.-Procedemento selectivo.

O procedemento selectivo consistirá en un concurso de méritos, unha proba tipo test e unha entrevista persoal.

Terceira.-Requisitos dos aspirantes.

3.1. Para tomar parte nestas probas será necesario que os aspirantes reúnan, na data de terminación do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

- a) Ser de nacionalidade española ou dun estado membro da Unión Europea, nos termos previstos, neste último caso no artigo 57.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.



- c) Estar en posesión da titulación de logopeda. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencia que acredite a súa homologación.
- d) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das funcións.
- e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso de persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente non ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- f) Dispoñer de carné de conducir B1.
- g) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- h) Carecer de antecedentes no rexistro central de delinquentes sexuais.

Tanto os anteriores requisitos como os méritos que se aleguen para a valoración do concurso deberán cumprirse ou estar en condicións de cumprir na data de finalización do prazo de presentación de instancias.

Cuarta.-Presentación de solicitudes.

4.1.As solicitudes para tomar parte no procedemento, conforme ao modelo que figura como Anexo I das presentes bases, dirixiranse á Mancomunidad de Ordes, e presentaranse no Rexistro xeral da Mancomunidad, en horario de oficina (de 9.00 a 14.00 horas), no prazo de 10 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no taboleiro de anuncios e páxina web da Mancomunidad.

4.2. As solicitudes tamén se poderán presentar por calquera das formas previstas na



Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

4.3. Xunto coa solicitude as persoas aspirantes deberán achegar a seguinte documentación en documento orixinal ou copia debidamente cotexada:

- DNI, pasaporte ou documento de identificación.
- Título de logopeda.
- Informe de vida laboral ós efectos de valoración de méritos.
- Títulos acreditativos de realización de cursos, xornadas, congresos aos efectos de valoración dos méritos.
- Permiso de conducir.
- No seu caso, acreditación do coñecementos de galego nivel CELGA-4.
- Certificado de carecer de antecedentes no rexistro central de delincuentes sexuais.

4.4. Na instancia a persoa interesada fará constar os méritos que reúne, daqueles que puntúan segundo o Baremo de Méritos da Convocatoria, acompañado da documentación que os xustifiquen, conforme sinala o Anexo I (Modelo de Instancia). Non se terá en conta mérito algún que non se acredite no momento de presentación de instancias.

As persoas aspirantes quedan vinculadas ós datos que fixeran constar na súa solicitude podendo unicamente demandar a súa modificación mediante escrito motivado dentro do prazo de presentación de instancias.

Quinta.-Admisión das persoas aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Presidencia ditará a resolución de aprobación provisional do listaxe de persoas admitidas e excluídas, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgando o prazo de sete días hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación da dita resolución, para que presentaren as reclamacións oportunas ou emendaren os defectos existentes, nos termos do artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a listaxe de persoas admitidas.



Esta resolución será obxecto de publicación no taboleiro de anuncios da Mancomunidade de Ordes e na súa paxina web.

Transcorrido o prazo de emenda de defectos, a Presidencia aprobará definitivamente a lista de persoas admitidas e excluídas. Nesta resolución determinarase a composición do Tribunal e máis a data, hora e lugar de celebración do exercicio tipo test e da entrevista persoal.

Esta resolución se publicará no Taboleiro de anuncios da Mancomunidade e na paxina web.

Sexta.-Tribunal.

- 6.1. Tribunal será designado pola Presidencia, en virtude das atribucións conferidas a esta pola Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.
- 6.2. A composición do Tribunal deberá axustarse aos principios de imparcialidade e especialidade técnica.
- 6.3. Para a válida constitución do Tribunal, ós efectos da celebración de sesións, deliberacións ou toma de acordos, requirirase a asistencia do Presidente e Secretaria, ben titulares ou suplentes, así como a metade dos seus membros.
- 6.4. Os membros do Tribunal absteranse de intervir e comunicaranos á autoridade que convoca cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. As persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando conorran aquelas circunstancias.
- 6.5. Ó Tribunal corresponde interpretar as presentes Bases e resolver as cuestións xurídicas no desenvolvemento das probas selectivas.

Sétima.-Procedemento selectivo.

- 7.1. Desenvolvemento do proceso.

O proceso consistirá no desenvolvemento sucesivo dunha fase de concurso, unha proba tipo test e unha entrevista persoal.

- 7.1.1. Fase de concurso.



Consistirá na valoración polo Tribunal dos seguintes méritos que se relacionan neste apartado e coa puntuación que se especifica.

En ningún caso, será obxecto de valoración os méritos non aportados polo candidato no momento da presentación da solicitude ou sen unha axeitada acreditación.

1. Experiencia profesional, ata un máximo de 10 puntos, segundo a seguinte ponderación:

- a) Polos servizos prestados como logopeda no servizo de atención temperá na administración pública: 0,40 puntos por mes completo.
- b) Polos servizos prestados como logopeda no servizo de atención temperá na empresa privada 0,20 puntos por mes completo.
- c) Polos servizos prestados como logopeda en poboación infantil 0,10 puntos por mes completo.

O cómputo dos meses farase por meses completos, non se puntuarán fraccións e seguirase o establecido no informe de vida laboral. A acreditación de tódolos méritos realizase mediante os correspondentes certificados de servizos ou de empresas expedidos en todo caso por las entidades correspondentes.

Presentaranse en orixinal ou copia compulsada e unicamente teranse en conta os méritos alegados que se acompañen do correspondente documento acreditativo.

A experiencia laboral deberá acreditarse mediante certificación expedida polos organismos oficiais, copia dos contratos de traballo e as súas prórrogas, no seu caso, ou calquera outro admitido en dereito. Deberá achegar obrigatoriamente xunto co resto da documentación acreditativa o informe de vida laboral actualizado a data de presentación de instancias e expedido pola TGSS.

Para a valoración da experiencia profesional o aspirante deberá aportar a documentación necesaria para que quede acreditado o posto de traballo desempeñado, a categoría profesional, a duración da contratación, tipo de xornada e funcións ou cometidos.

Non serán obxecto de valoración os contratos que non figuren no certificado de vida laboral expedido pola TGSS nin cando non se aporte ao expediente esta certificación xunto cos contratos correspondentes e os méritos que se alegan.

2. Cursos, ata un máximo de 5 puntos.



Valorarase a realización de cursos, xornadas, congresos... de formación e perfeccionamento en materias relacionadas coas tarefas da praza obxecto da convocatoria:

- De 10 a 20 horas: 0,10 puntos por curso.
- De 20 a 40 horas: 0,20 puntos por curso.
- De 41 a 80 horas: 0,40 puntos por curso.
- De 81 a 300 horas: 0,75 puntos
- Por cursos de experto Universitario, Especialización ou Master superiores a 300 horas: 1 punto

7.1.2. Proba tipo test.

Consiste na realización dun exame tipo-test de 20 preguntas sobre o temario exposto no Anexo II.

En cada pregunta haberá catro opcións de resposta. Cada resposta correcta sumará 0,25 puntos e cada resposta incorrecta restará 0,125 puntos. As non contestadas non contarán a efectos de puntuación.

Engadiranse a estas 20 preguntas, outras 4 de reserva para o caso de erro.

Os aspirantes disporán para a realización do exercicio dun tempo máximo de 45 minutos.

O exercicio ten unha puntuación máxima de 5 puntos.

7.1.3. Entrevista persoal

Co fin de avaliar os coñecementos que as persoas candidatas teñen sobre o traballo nun Servizo de atención temperá no marco da Rede galega de atención temperá realizaranse dúas preguntas que versarán sobre o temario exposto no Anexo II.

A entrevista terá unha puntuación máxima de 5 puntos.

7.1.4. Proba de coñecemento da lingua galega:

Para o caso de que as persoas aspirantes non acrediten estar en posesión do certificado de lingua galega (Celga 4) ou validación do mesmo nivel, deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega consistente nunha tradución directa e inversa dun texto en castelán e galego.



O exercicio cualificarase como apto ou non apto.

7.2. Cualificación final.

A cualificación final dos aspirantes será a suma dos puntos obtidos tanto na fase de concurso como na proba tipo test e entrevista persoal. No caso de empate, atenderase á maior puntuación na fase concurso, de persistir o empate este resolverase en sorteo público ante o Tribunal.

A tal efecto, o Tribunal configurará unha proposta de relación dos aspirantes que tiveran superado o proceso selectivo por orde decrecente de puntuación, que será elevada á Presidencia.

7.3. Publicidade do procedemento selectivo e anuncios de celebración das probas.

As presentes Bases e o anuncio da convocatoria serán publicadas no Taboleiro de Anuncios e na Páxina Web da Mancomunidad de Ordes.

Unha vez comezado o proceso selectivo os anuncios deberán facerse públicos polo Tribunal na páxina web da Mancomunidad así como no Taboleiro de anuncios da Mancomunidad cunha antelación mínima de vinte catro horas.

Oitava. Recursos contra os actos do Tribunal.

Contra a convocatoria, as súas bases e contos actos administrativos derívense da mesma e das actuacións do Tribunal, poderán interpoñerse por parte dos interesados os recursos procedentes nos casos e formas establecidos nos art 112 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro (LPA).

O só feito de presentar instancia solicitando tomar parte nas probas constitúe sometemento expreso dos aspirantes ás bases da convocatoria, que ten consideración de lei reguladora da mesma.

A xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato será a xurisdición social.

Novena.-Normas finais.

Para o non previsto nas presentes Bases será de aplicación supletoria a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; o RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o proceso de



**MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS COMARCA
DE ORDES**

(A CORUÑA)

selección dos funcionarios da administración local; o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro; a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e a Lei 2/2015, de 29 de abril do Emprego Público de Galicia; o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril; e o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e Provisión de Postos de Traballo e Promoción profesional dos funcionarios da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo; así como no resto da lexislación administrativa vixente.



**MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS COMARCA
DE ORDES**

(A CORUÑA)

ANEXO I

Solicitud para tomar parte no proceso selectivo para a contratación dun logopeda do servizo de atención temperá da Mancomunidad de Ordes.

Apelidos	Nome	DNI

EXPÓN:

Declaro baixo a miña responsabilidade:

Que na data de remate do prazo de presentación de instancias cumpro todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria que declaro coñecer.

SOLICITO:

Sexa admitida a presente solicitude e documentación que achego para ser incluído no proceso selectivo para a contratación dun logopeda do servizo de atención temperá da Mancomunidad de Ordes.

Documentación que se achega:

Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento de identificación (COMPULSADO).

Copia do título de logopeda. (COMPULSADO)

Informe de vida laboral e contratos ós efectos de valoración de méritos.
(COMPULSADO)

Copia dos cursos, xornadas, congresos aos efectos de valoración dos méritos.
(COMPULSADO)

Copia do título que exime a realización da proba de lingua galega.

Certificado de carecer de antecedentes no rexistro central de delincuentes sexuais.

, de de 2019.

(Sinatura do/a solicitante)

Sr. Presidente da Mancomunidad de Ordes



ANEXO II

TEMARIO ESPECÍFICO ATENCIÓN TEMPERÁ.

1. Libro Branco de Atención Temperá. Principios básicos. Definición. Obxectivos. Niveis de intervención. Ámbitos de actuación. Accións comunitarias. Coordinación interinstitucional. Investigación. Formación.
2. Normativa Galicia: Decreto Rede Galega de Atención Temperá 183/2013 e Protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en Atención Temperá.
3. Guía de estándares de calidade en Atención Temperá.
4. Servizo de Atención Temperá da Mancomunidad de Ordes. Memorias e programas.
5. A prevención en Atención Temperá. Niveis e actuacións.
6. Signos de alarma no desenvolvemento infantil na etapa 0 a 6 anos.
7. Alteracións da linguaxe e a comunicación 0-6 anos.
8. A influencia familiar no desenvolvemento infantil: Estrutura familiar, clima e estilo educativo. Papel do entorno familiar nas alteracións do desenvolvemento infantil.
9. Intervención en contextos familiares no ámbito da atención temperá. Programas ou modelos de intervención.
10. Avaliación e diagnóstico en nenas e nenos con distintos trastornos evolutivos. Técnicas e instrumentos de avaliación.
11. Avaliación interdisciplinar, comunicación do diagnóstico.
12. Programa personalizado de intervención. Factores e recursos a ter en conta na intervención.
13. Familia, escola e comunidade. Relacións e papel do equipo de Atención Temperá.